

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de MARZO de 2004**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 26 de marzo de 2004, ás DEZAOITO HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

1.-Aprobación das actas seguintes: extraordinaria nº 2/04, de 13 de febreiro, ordinaria nº 3/04 de 27 de febreiro e extraordinaria urxente nº 4/04, de 12 de marzo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola presidencia, da núm. 1.300 deica a núm. 3.699, de 2004.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Construción de beirarrúas e dotación de servizos en Fiofre” do Concello de Bergondo incluída no POS 2003. Código 03.2100.0042.0.

Economía, Facenda e Especial de Contas

4.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Negreira. 4º grupo.

5.-Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 1/04 e recoñecemento extraxudicial de créditos.

Infraestruturas viarias: Vías e obras provinciais

6.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2004-1ª fase.

7.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2004- 2ª fase (proxecto complementario E.P. 205 segunda capa de rodadura variante da estrada Bertamiráns á Ramallosa).

8.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2004, 2ª fase e aprobación do Plan complementario ao Plan de conservación de vías provinciais 2004 - 2ª fase (grupo 30 E.P. 0514 Arteixo a Caión).

9.-Aprobación do modificado núm. 1 da ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 1105 Noia a Cabo de Cruz, desde o p.k. 2,100 ao p.k. 6,100 - Lousame.

10.-Aprobación do Proxecto modificado de seguridade vial nas estradas provinciais E.P. 1706, 3802 e 5813.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

11.-Proposta de modificación da natureza e porcentaxe de achega provincial ao Instituto Feiral da Coruña (IFECO).

12.-Proposta de modificación das actuacións da primeira anualidade do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

Persoal e Réxime Interior

13.-Rexeitamento da impugnación do acordo plenario polo que se aproba o Cadro de persoal e Relación de postos de traballo ano 2004.

14.-Nomeamento de representante na Xunta Consultiva do Parque Natural das Fragas do Eume.

15.-Nomeamento do representante na Xunta Consultiva do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

16.-Ordenanza reguladora do servizo de Rexistro, Información Administrativa e Atención á cidadanía.

Cultura, Educación e Patrimonio Histórico Artístico

17.- Integración da Deputación da Coruña no Padroado da Fundación Eugenio Granell.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE MARZO DE 2004

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de marzo de 2004, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO PSOE

DON XAIME BELLO COSTA BNG

DON MANUEL CAAMAÑO LOURO PP

DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ PP

DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO PSOE

DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ BNG

DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ PP

DON GERMÁN DIZ ARÉN PSOE

DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR PP

DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO PP

DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES PSOE

DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ BNG

DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ PSOE

DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ PP

DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO PP

DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA PP

DON MANUEL NOCEDA LAMELA PSOE

DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ PSOE

DON MANUEL POSE MIÑONES PP

DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ PSOE

DON MIGUEL PRADO PATIÑO PP

DON RAMÓN QUINTÁNS VILA PSOE

DON ERNESTO RIEIRO OREIRO PP

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DON JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor adxunto, don Enrique Calvete Pérez.

Aberto o acto ás dazaoito horas, o señor secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, con relación ós cales, por unanimidade, bardante nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS SEGUINTE: EXTRAORDINARIA Nº 2/04, DE 13 DE FEBREIRO, ORDINARIA Nº 3/04 DE 27 DE FEBREIRO E EXTRAORDINARIA URXENTE Nº 4/04, DE 12 DE MARZO.

Apróbanse as actas seguintes: extraordinaria nº 2/04, de 13 de febreiro, ordinaria nº 3/04, de 27 de febreiro e extraordinaria urxente nº 4/04, do 12 de marzo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 1.300 DEICA A NÚM. 3.699, DE 2004.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da núm. 1.300 deica a núm. 3.699, de 2004.

3.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN FIOBRE” DO CONCELLO DE BERGONDO INCLUÍDA NO POS 2003. CÓDIGO 03.2100.0042.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado con incremento da obra do concello de Bergondo: “**Construcción de beirarrúas e dotación de servizos en FioBRE**”, código: 03.2100.0042.0 incluída no POS 2003.

1º.- Aprobar o proxecto reformado da obra “Construción de beirarrúas e dotación de servizos en Fiobre” do Concello de Bergondo incluída no POS 2003. Código: 03.2100.0042.0. O proxecto reformado implica un incremento no orzamento tal e como se indica, que asume integramente o concello permanecendo invariábeis as achegas da Deputación e a do Estado tal e como se indica a continuación.

03.2100.0042.0	C. beirarrúas e dotación de servizos en Fiobre- Concello de Bergondo		
	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto reformado</u>	<u>Diferenza</u>
Deputación f. propios	533,96	533,96	0
Deputación préstamo	9.432,08	9.432,08	0
Estado	3.692,73	3.692,73	0
Concello	10.407,11	14.884,05	4.476,94
TOTAL	24.065,88	28.542,82	4.476,94

2º.- Dispor a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galiza para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorábelmente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

4º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorábelmente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galiza e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe ao respecto considerándoo emitido favorábelmente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.”

4.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE NEGREIRA. 4º GRUPO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Negreira en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa por recollida de lixo.
- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa cos concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeron as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

5.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1/04 E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Imos debater o Expediente de modificación de créditos nº 1 do presente exercicio 2004, unha vez feita a liquidación do orzamento por resolución da Presidencia o pasado 3 de febreiro, aprobouse definitivamente o Orzamento 2004 o 10 de marzo dos correntes e tamén se aprobaron as Ordenanzas fiscais de modo definitivo o 23 de marzo.

É preciso, xa que logo, levar, presentar perante esta Cámara, este expediente coa liña marcada no orzamento de gastar menos para facer máis e mellor. Seguimos entendendo que a deputación, como concello de concellos, ten que dar resposta de forma áxil, de forma obxectiva, de forma cooperativa e solidaria, ás necesidades dos cidadáns da provincia. Neste sentido vai este expediente.

No ámbito da forma, entendemos que é a forma axeitada, cumpre perfectamente coa normativa dos regulamentos que determinan os expedientes de modificación de créditos, que é equivalente a un mini- orzamento, digamos. E no fondo, entraremos nel e tentaremos ser o máis breves posibles.

O total deste primeiro expediente é de algo máis de 26 millóns e medio de euros, que indubidabelmente proceden no seu financiamento, unha gran parte proceden estas economías do remanente de Tesourería para gastos xerais, é dicir, practicamente o 98%,

concretamente o 97,3% proceden do remanente de Tesourería para gastos xerais, e o resto, unha pequena cantidade, de baixas por anulación.

Pero dentro do remanente de Tesourería queremos matizar, en nome do equipo de goberno, que existen dous aspectos, digamos, ben diferenciados. Por unha banda, os gastos de compromisos adquiridos en exercicios anteriores e que non son incorporábeis, ou que están pendentes de execución, o que orzamentariamente se chama fase D ou fase A; e en segundo lugar, o remanente de Tesourería para novos gastos, que isto é realmente, digamos, a importante novidade do orzamento que ten unha contía de 16.320.000 euros, máis ou menos. O interesante tamén é onde van estas economías, que se vai facer con estes gastos, onde van ser investidos. Entendemos que este é un expediente investidor, porque os investimentos propios da deputación, capítulo VI, significan o 69,16%, e é un expediente externo, é dicir, é un expediente que vai dirixido ós concellos, ás entidades, ós clubs, ás asociacións, etc. Estes apartados comportan o 96,07%, quere dicir isto que de cada 100 euros, 96 van destinados a investimentos, a tranferencias correntes e a transferencias de capital. Polo tanto, está claro que a definición de expediente investidor e externo entendemos que é a correcta.

Por outro lado, temos que dicir que hai unha pequena parte que corresponde tamén ó capítulo II, ó gasto corrente, que significa o 1,18%, e outra parte, non residual, senón tamén importante, indubidabelmente, até as pequenas cantidades, “*o pequeno miúdo fai a morea*”, 140.000 euros corresponden ó capítulo de Persoal, persoal temporal, dos fogares infantís de Emilio Romay e Ferrol. Quere dicir isto, e detallando un pouquiño, sen cansar ás señoras e señores deputados, que estamos diante dun expediente, pensamos que realista, cremos que merece a aprobación de todos os grupos, e así o espero, e destacaría algunhas das partidas importantes, sobre todo as novidades, xa que as economías incorporadas son coñecidas polas señoras e señores deputados.

Quero salientar no capítulo VI de investimentos propios da deputación, dous aspectos relacionados con Vías e Obras, como son o Plan de travesías e o Plan de marquesiñas. O Plan de travesías, por unha contía de 8 millóns de euros, que significa un tema que se desenvolverá, é dicir, neste expediente fíxase a cantidade económica, e de seguido desenvolverase o plan a través das distintas facetas, dos distintos pasos que se teñen que dar a nivel administrativo, o mesmo que o Plan de marquesiñas, que como sinalaba con anterioridade, significa 1.800.000 euros.

Parece correcto que se faga unha transferencia, na parte deportiva, de pagamento a federacións e clubs para cumprir un requirimento que estaba pendente, neste aspecto preséntase unha cantidade de 1.850.000 euros, onde se refliten as economías do pasado exercicio, máis unha parte importante do presente, que se completará coas distintas subvencións en materia deportiva, que aparecen recollidos nos orzamentos do ano 2004.

Indubidabelmente, queremos destacar a colaboración coas asociacións de veciños, outro tema pendente que entendemos que é importante recoller, aparecen dous capítulos, capítulo IV, que son para actividades e gasto corrente, cunha cantidade de 400.000 euros, e no capítulo VII, para investimentos, transferencias de capital neste caso, cunha cantidade de 325.000 euros.

No discurso de investidura o señor presidente manifestaba a súa intención de seguir a colaboración coas ONGs e coas comunidades galegas no exterior, neste expediente de modificación de créditos tamén se recollen cantidades puntuais cunha contía de 200.000 euros, dos que 50.000 irán destinados a facer un convenio coa Xunta de Galicia para que así, unindo recursos, fagamos máis forza e levemos ós nosos irmáns de Iberoamérica, fundamentalmente, axudas tan necesarias e tan necesitadas.

Outros aspectos, como pode ser a Feira de Mostras de Ferrol, con 300.000 euros, que pensamos que é unha achega importante e necesaria para este evento que vén desde hai anos marcando unha pauta, non só en Galicia, senón no Estado Español; e outras distintas economías que non me vou alongar aquí en expor, dado que na segunda intervención, que supoño que terei, seremos precisos de acordo coa intervención que teñan os señores do Partido Popular.

Queremos destacar que este expediente vai tentar buscar unha mellora fundamental nas vías provinciais, sen esquecer, como dicía, aspectos e compromisos adquiridos que debemos cumprir, tentamos con iso mellorar as prestacións, mellorar os servizos, e favorecer a calidade de vida dos cidadáns da provincia.

De momento, e desexando o voto unánime para este punto, nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

O expediente primeiro de modificación de créditos, un expediente que comprende distintas partidas, imos tentar unha análise relativamente detallada do seu contido, e tamén a nosa posición sobre eses aspectos.

En primeiro lugar, referirémonos ós créditos extraordinarios que se conteñen neste expediente. Temos que sinalar a nosa posición absolutamente positiva a incremento de créditos relativos a comunidades galegas no exterior. Penso que este é un elemento fundamental, aléganos, como acaba de dicir o Sr. Lagares, que parte destes créditos se fagan en colaboración directa coa Xunta de Galicia, supoño que o resto serán administrados pola deputación, e dado que se cambia o órgano xestor de promoción e incentivos

económicos á secretaría de Presidencia, por entender, supoño, que é unha acción institucional, si sería conveniente, nós estamos dispostos, como é natural, a colaborar coa Presidencia no que se refire ós criterios de axuda ás comunidades galegas. Entendo que a axuda a estas comunidades non é un tema singular, ou parcial ou partidista, senón a expresión dunha vontade da deputación. En todo caso, a nosa posición é favorábel, independentemente de que se acepte ou non se acepte a nosa posición.

Outro dos créditos extraordinarios vai dirixido, por un importe de 120.000 euros, á adquisición dun camión de recollida de lixo para o Concello de Arzúa, fálese da necesidade dun convenio e no expediente dise que hai que acreditar razóns singulares de interese público que non esixan a aplicación dos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación, dispostos na Lei xeral de subvencións. Eu quería neste sentido facer un recordatorio perante esta Corporación de que este foi un tema moi debatido na Corporación anterior, cando o Partido Popular en determinados casos, como este, establecía convenios singulares, sempre se nos argumentou por parte de vostedes, tanto dun grupo como do outro, de que non era o procedemento máis axeitado para conceder axudas, que se debía facer a través de ordes de convocatoria e non a través de convenios singulares. Nós defendiamos estes convenios, e seguímolos defendendo, porque entendemos que en casos específicos é posíbel atender a unha actuación como este caso, sempre que, obviamente, haxa esa especificación, non? O que si me gustaría que lle quede claro a esta Corporación é que nós tiñamos a razón, porque se non, non entendo o que está a pasar aquí, porque vostedes están facendo exactamente o mesmo que faciamos nós, en determinados supostos que nos parecía que tiñan características singulares, establecíamos un convenio singular cuns concellos, e noutros, obviamente, acudiamos ó sistema xeral de axudas. Espero que isto nos sirva para recapacitar e para pensar que cando un mantén unha posición, debe mantela no goberno e na oposición, e que as posicións que se deben de manter deben estar baseadas na obxectividade e non nun principio de contradición. Nós neste caso, xa digo, podemos entender as razóns singulares que hai no expediente pero queremos, en definitiva, recuperar a nosa imaxe, que se criticou reiteradamente durante a anterior lexislatura dicindo que non o faciamos correctamente cando asinábamos convenios singulares.

E a mesma historia, se cadra con máis intensidade, con menos claridade, está no Centro Social e Cultural en Dumbría, porque aí, no expediente, dise que se están realizando estudos para a elaboración dun plan que dote ós concellos máis necesitados de equipamento para actividades culturais e sociais, entón, se se está a traballar nun plan, si que non entendemos moi ben por que se escolle a un concello con carácter previo á propia manifestación de que hai un proxecto global para que todos os concellos poidan acceder a ese tipo de axudas, é dicir, cando hai un caso singular, que non é repetitivo, entendemos perfectamente o tema; neste caso, obviamente esa xustificación é aínda moito máis debilitada que no caso anterior, dado que vostedes mesmos din que se vai facer un plan xeral para

atender a todos os concellos, por que se anticipa un concello determinado? Non coñecemos as razóns desa anticipación, as razóns singulares que a poden motivar.

Despois hai outro expediente de crédito extraordinario relativo á achega a AFIGAL. Neste caso nós estamos totalmente de acordo nesa contribución, a única observación que formulamos é que non figura no expediente que o incremento da participación da deputación, tal como está na documentación anexa, forma parte dun proxecto global en que todos os socios deben achegar; non existe a acreditación do compromiso dos demais, entendemos en todo caso que o fornecemento da deputación debe estar subordinado a que os demais cumpran tamén os seus compromisos de entrega, dado que en definitiva o que se considera é o incremento global do capital de AFIGAL para atender á súa función, que nos parece moi positiva.

Non temos nada que dicir, ó revés, positivamente, á axuda para o Consorcio de Feiras de Ferrol por 700.000 euros, ou á Universidade da Coruña para un Programa de estudos de pedagogía teatral. Entendemos que os convenios da deputación con institucións, tanto feirais como con universidades, son especialmente positivas e agardamos que esta liña se poida incrementar no futuro.

No que se refire ó suplemento de crédito, si temos que sinalar algunhas observacións, primeira de carácter técnico, que penso que estas observacións deben ser especialmente recollidas porque evitan demoras innecesarias no funcionamento da deputación. Refírome, en concreto, a que o criterio xeral desta casa, sempre que se tramitaron os expedientes de incorporación de créditos como consecuencia de remanentes, os créditos sempre que estaban en fase D incorporábanse automaticamente ou por resolución de presidente, non é necesario, nin nunca se trouxeron aquí, os créditos que estaban na fase D, e se facían por resolución do presidente, inmediatamente que se aprobaba a liquidación. Entendo que este procedemento, sen que sexa ilegal o que estamos facendo agora, simplemente que atrasamos a activación destes créditos porque podían estar xa funcionando e levándose adecuadamente. Polo tanto, a observación que formulamos é cara diante, os créditos en fase D, poden vostedes comprobalo cos servizos xurídicos da casa, sempre se incorporaron, existindo obviamente remanente suficiente para a mesma finalidade para a que estaban aprobados, como é natural. E aquí estamos falando de que de 48 expedientes de suplemento de crédito, 31 son de incorporacións; obviamente un número importante de expedientes, determinaría unha maior axilidade de adoptalo o presidente, ó día seguinte de aprobar o remanente de Tesourería.

Despois hai tres expedientes, que corresponden a atender reformados da Ponte de Catoira, de saneamento e depuración en Coirós e Vimianzo, que non vemos ningunha razón negativa neles, e polo tanto a nosa conformidade.

Temos que salientar especialmente no que se refire ó expediente dos fogares infantís de Ferrol e A Coruña, non por razón cuantitativa, pero si polo seu aspecto simbólico de que é das poucas actividades sociais que mantén a deputación que é preciso coidar especialmente, porque ten unha imaxe de solidariedade social fundamental. Simplemente sinalar, en relación a este expediente, que xa no mes de outubro, segundo consta na documentación, xa se solicitara esta incorporación e puido terse incluído no orzamento inicial, co cal teríamos tamén gañado un pouco de tempo na resolución desta situación.

Nada que obxectar no relativo ó centro de Proceso de Datos nin ós Programas de arquitectura popular, que tamén hai que lembrar que deles 435.555,34 euros, xa eran créditos en fase D que podían estar activados neste momento.

E despois tamén nos alegamos de que se vaia completando, e se vaian cumprindo os Proxectos de arquitectura popular, que tiveron moitos atrancos, que se tentaron moitas actuacións na lexislatura anterior, e que van adquirindo a súa maduración, para que poidan saír adiante.

Eu quería, de todas maneiras, nun expediente reclamar a atención especial da Corporación. É o relativo á subvención de 300.000 euros, subvención nominativa ós Sindicatos e Unións Agrarias, e a Comisións Labregas, son 150.000 euros cada unha, destinadas ambas a unha campaña divulgativa de ámbito provincial para explicar os cambios da política agraria comunitaria. Hai unha simple solicitude no expediente, son dous sindicatos de clase, adicados especificamente ó sector labrego, e a nós suscítannos dúas preocupacións: a primeira, que así como noutro tipo de entes podíamos..., un concello que pide para un camión tractor ou unha actividade de promoción cultural, parece que é moi normal, é unha actividade nova dentro da deputación e sen orde, que aquí si que nos parecía que sería moi conveniente unha Orde que establecese un marco no que se pode solicitar as axudas, non que aparezan dous escritos por dous sindicatos agrarios, pero si que nos estraña moi especialmente que existindo tres sindicatos agrarios na provincia só se estenda a dous. Hai que lembrar que ademais destes dous está “Jóvenes Agricultores” que, lembremos, obtivo nas eleccións representativas o 47,63% dos votos, fronte ó Sindicato Labrego Galego, que obtivo a 24,88%, e Unións Agrarias, que obtivo o 27,47%, e que ten 49 vogais nas cámaras agrarias fronte a 23 do Sindicato Labrego Galego e 28 de Unións Agrarias, e ademais impúxose este sindicato no 67% das mesas electorais, que tivo por maioría nas provincias de Ourense, Lugo e A Coruña, e que tivo maioría absoluta en 4 dos cinco consellos reguladores. Estes datos non teñen máis que unha razón: se imos conceder axudas ós sindicatos agrarios por labores divulgativos da política agraria, creo que non é posíbel excluír a un dos tres, e ademais, de acordo cos datos oficiais, o sindicato máis representativo no sector.

Neste sentido, nós agardamos e solicitamos que, supomos, que non habendo Orde non tiñan coñecemento, que se se formula unha petición se lle atenda no mesmo sentido que se atenderon os outros dous. Se non, non entenderíamos esta concesión. Pensamos que o dereito lexítimo, non nos imos opor a que se conceda a estes dous sindicatos agrarios; o que si entendemos é que os tres sindicatos agrarios teñen dereito a ter a mesma axuda, e xa non falo de diferenzas cuantitativas, polo menos da mesma cantidade, tendo en conta que o que falta é o máis representativo do sector, que polo que se ve non houbo Orde nin ningunha convocatoria previa, e que polo tanto entendo que foi unha relación directa destes dous sindicatos coa deputación.

Creo que isto é un tema moi importante, porque o que estamos a por de manifesto aquí é a nosa actuación como Corporación, que non se nos califique de ir dun lado nin doutro, que en ningún caso se considere que apoiamos a sindicatos que teñen unha determinada orientación política, se é que a teñen, e a outros que poidan ter unha orientación política doutro nivel. Esta deputación representa a todos os cidadáns da provincia, representa a todos os concellos, representa, en definitiva, a todos os agricultores, e non imos dicir que dous sindicatos teñen dereito a informar sobre a política agraria, e recibir axudas por iso, e que o outro non, independentemente das relacións que poidan obter con outras administracións.

Polo tanto, a nosa posición será positiva tanto en canto, obviamente, se consideren aos tres; se non, nós, desde logo, neste caso estaríamos absolutamente en contra, non por ningunha razón ideolóxica, senón por unha razón de equidade con relación ao tratamento que deben recibir todos os que se dirixen á deputación.

Hai despois subvencións nominativas ás Cámaras de Comercio de Ferrol e A Coruña para creación de viveiros virtuais de empresas, moi positivas as dúas, parécenos moi correcto. E tamén, desde logo, o que é o máis importante deste expediente, o tocante ó Plan de vías provinciais, tanto de travesías, por 8.000.000 de euros, como de marquesiñas, por 1.800.000 euros, e como é natural, os créditos incorporados que xa estaban en fase D, que xa podían estar funcionando, por 1.685.113 euros.

Nós temos que dicir que nos parece moi ben, porque ademais era un dos nosos plans que estábamos activando na lexislatura anterior, polo tanto aquí é a coincidencia porque en definitiva é moi difícil que non se coincida no que son as necesidades substanciais dos concellos. Non concibiría unha deputación na que un partido político defenda a necesidade de dotar de travesías, e que o partido político seguinte diga que non ós concellos, creo que non é de sentido común unha actuación contraria, e polo tanto o que nós defendíamos e o que vostedes defenden é o mesmo: que ós concellos se lles dote de travesías adecuadas, que se lle poidan transferir ós concellos esas travesías e que se convertan en vías municipais, porque realmente estamos a falar de rúas máis que de estradas na súa

confluencia polos concellos. Dado que nós tñamos o mesmo interese, como é natural estamos de acordo con iso.

E despois hai singularidades, as APAS para aulas e apoio informático, que nos parece moi ben, para conservación do Arquivo Histórico, que non temos inconveniente ningún, para a Asociación de familiares de enfermos do alzheimer, que fixemos na lexislatura anterior un labor moi positivo con relación a eles, Asociación “A Creba pro saúde mental” de Noia para edificación e equipamento dun Centro socio-ocupacional, Asociación “Remanso” para un Centro de terceira idade na Coruña, son subvencións e están xustificadas pola razón da natureza das entidades, pero que volvemos lembrar o que dicíamos ó principio desta intervención: parece que se comproba agora que conceder determinadas subvencións singulares non é nada máis que recoñecer determinados problemas que hai que atender sen máis. Polo tanto, damos por non reproducidas as obxeccións que na lexislatura anterior se nos formularon por este concepto, e dámolas por amortizadas.

Si queremos subliñar especialmente neste sentido que penso que se está actuando dunha maneira especialmente correcta no que se refire ás axudas ás entidades deportivas e ás asociacións de veciños. Era absolutamente indispensábel resolver estes problemas, no caso específico das asociacións de veciños, como se informou, como comentamos no último pleno, xa había un expediente de modificación que estaba pendente unicamente de levar a pleno, faise por maior cantidade agora, parécenos moi ben, e en definitiva resolvemos un problema no que ninguén gaña, agás os clubs e os veciños, que son os que, en definitiva, teñen o dereito lexítimo a que por parte da deputación, independentemente de situacións transitorias, se atenda ós problemas que existían con relación a eles.

Nós, que podemos dicir en conxunto?. Obviamente, a nosa posición, como veño de manifestar, é absolutamente positiva, por esas razóns que creo que están perfectamente claras. E o único que agardamos, e confiamos obter é que no único suposto no que nós temos unha preocupación substancial, porque en caso contrario produciríase un trato discriminatorio, é que no tema das subvencións a organizacións agrarias todas reciban o mesmo trato, porque todas teñen dereito lexítimo a percibilas. Con esa salvidade, a nosa posición é positiva sobre o expediente.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Dositeo. Entendo que van votar a favor do expediente de modificación de créditos, entón non hai lugar..... quere facer algunha matización, Sr. Lagares?... Brevemente.

Sr. Lagares Pérez

Moi brevemente. En primeiro lugar, para agradecer o voto favorábel do Partido Popular. Penso que estamos nun terreo, neste caso, unánime, con matizacións que indubidabelmente o voceiro do Partido Popular nos fai. Eu quero indicarlle que cando fala da fase D son temas incorporados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2003, e que é necesario que veñan a Pleno, son e aparecen na resolución da Presidencia, entón non teño ningún inconveniente en lle ensinar a copia, que son reserva de remanentes para financiamento de compromisos de gastos adquiridos en exercicios anteriores a 1 de 1 de 2003, por iso é necesario traelos a este pleno e non o pode efectuar por resolución o presidente da deputación, se non xa non virían ó pleno. Despois, ó rematar, non hai ningún inconveniente en lle aclarar todo iso.

Dicirle que con relación ós convenios singulares e subvencións nominativas os distintos grupos sempre estivemos, dígolle estando na oposición o grupo socialista era participe das subvencións nominativas e dalgún convenio singular que aquí se formularon. Indubidabelmente, hai excepcións que confirman a regra, e sen dúbida temos que ser todos o máis obxectivos, o máis cooperativos, e o máis solidarios posíbeis, diso vaise tratar exclusivamente.

Acabo agradecendo de novo o voto favorábel do Partido Popular. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.- Recoñecer as obrigas de pagamento por importe total de 203.330,72 € a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan, consonte co que establece o artigo 26 do Real decreto 500/90, do 20 de abril:

A favor de *Construcciones A. Varela Villamor S.L.*, que corresponde á fra. núm. FV03/128 do 30.11.03 por importe de 77.417,75 € relativa á certificación número un da obra “Rehabilitación do conxunto monumental do Mosteiro de Caaveiro”.

A favor de *Construcciones López Cao, S.L.e Celso Nuñez S.L., U.T.E.*, que corresponde á fra. núm. 00.0004/03 do 30.11.03 por importe de 121.118,48 € relativa á obra “Urbanización do Campus de Esteiro - Ferrol”.

A favor de *Ramón Cotelo, S.L.*, que corresponde á fra. núm. 011 do 25.08.03, por importe de 4.794,49 € relativa á certificación número 1 da obra " Terminación campo de fútbol MAMOA-CONC. NEGREIRA”.

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/04 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 26.529.946,21€e que ofrece o seguinte resumo:

Aumentos:

CE. Créditos extraordinarios 2.269.465,47
SC. Suplementos de crédito 24.260.480,74

Total de aumentos: 26.529.946,21

Baixas (Financiamento):

BA. Baixas por anulación 714.960,68
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais 25.814.985,53

Total de baixas: 26. 529.946,21

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

6.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2004-1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2004, 1ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun presuposto total de 5.609.364,84 euros, con cargo á Partida 0401/511B/601.03:

CÓDIGO	CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
04.1110.0001.0	PONTECESO	AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 6801 DA CAMPARA A CORME POR BRANTUAS	560.753,62
04.1110.0002.0	SAN SADURNIÑO VALDOVIÑO	AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7603 DO PK. 5,000 AO 8,000	417.564,62
04.1110.0003.0	SAN SADURNIÑO VALDOVIÑO	AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7603 DO PK. 8,000 AO 10,500	334.008,15
04.1110.0004.0	PORTO DO SON	E.P. 7012 PORTO DO SON Á IGREXA DA MAGDALENA (ensanche e mellora Pk. 1,000 ao 5,900)	399.821,69
04.1110.0005.0	SANTIAGO DE COMPOSTELA	MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA DE SAN LORENZO (Campus Sur de Santiago de Compostela)	1.412.123,83
04.1110.0006.0	CARBALLO A LARACHA	AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P.	1.702.806,40
04.1110.0007.0	BOIRO		782.286,53
TOTAL			5.609.364,84

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha insertar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez dias para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2004- 2ª FASE (PROXECTO COMPLEMENTARIO E.P. 0205 SEGUNDA CAPA DE RODADURA VARIANTE DA ESTRADA BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar o Plan de vías provinciais 2004, 2ª fase, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona e tomar en consideración o proxecto incluído nel, cun orzamento total de 208.168,37.- euros., con cargo á Partida 0401/511B/601.03:

CÓDIGO	CONCELLO	DENOMINACION	ORZAMENTO
04.1110.0008.0	TEO	COMPLEMENTARIO Nº1 DO MODIFICADO Nº1 DO DE E.P. 0205 DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA. VARIANTE DA CANTEIRA.	208.168,37
TOTAL.....			208.168,37

2) Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio que se ha insertar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

8.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2004, 2ª FASE E APROBACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO AO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2004 - 2ª FASE (GRUPO 30 E.P. 0514 ARTEIXO A CAIÓN).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2004, 2ª fase integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel cun presuposto de 1.496.219,31 euros con cargo á Aplicación 0401/511B/21001:

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
04.1100.0004.0	GRUPO 3.- CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	258.015,46
04.1100.0016.0	GRUPO 15.- ARZÚA, BOQUEIXÓN, O PINO, TOURO	171.981,80
04.1100.0019.0	GRUPO 18.- CABANA DE BERGANTIÑOS , CORISTANCO, MALPICA DE BERGANTIÑOS, PONTECESO, ZAS	424.519,35
04.1100.0021.0	GRUPO 20.- CARNOTA, CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA, MAZARICOS	122.183,62
04.1100.0022.0	GRUPO 21.- AMES, A BAÑA, NEGREIRA, VAL DO DUBRA	165439,20
04.1100.0025.0	GRUPO 24.- LOUSAME, NOIA	251.377,92
04.1100.0033.0	GRUPO 36.- E.P. 3404 SIERRA DE OUTES A DUMBRÍA	102.701,96
total.....		1.496.219,31

2) Aprobar o Plan complementario integrado pola obra que a continuación se indica, que se financiará con cargo ás baixas que se produzan na adxudicación das obras incluídas no Plan de conservación de vías provinciais 2004, 2ª fase.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
04.1100.0031.0	GRUPO 30.- C.P. 0514 ARTEIXO A CAIION	83.067,50
total.....		83.067,50

3) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha insertar no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen consideraranse definitivamente aprobados.”

9.-APROBACIÓN DO MODIFICADO NÚM. 1 DA AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 1105 NOIA A CABO DE CRUZ, DESDE O P.K. 2,100 AO P.K. 6,100 - LOUSAME

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado de modificado nº 1 da ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 1105 Noia a Cabo de Cruz, dende o pk. 2,100 ao pk. 6,100-

Lousame, polo seu presuposto de contrata de 410.058,12 euros, que representan un incremento respecto ao primitivo de 68.154,59 euros, código 03.1110.0009.1.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo López Cao-Canarga-Casais-Noia II- UTE Lei 18/82, e con CIF G15890130, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo presuposto de adxudicación de 323.535,86 euros, que representan un incremento respecto ao primitivo de 53.773,97 euros, con cargo á aplicación 0401/511B/601.03

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 2.150,96 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 12.941,44 euros.”

10.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE SEGURIDADE VIAL NAS ESTRADAS PROVINCIAIS E.P. 1706, 3802 E 5813.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto modificado da mellora de seguridade vial E.P. 1706, E.P. 3802 e E.P. 5813 polo seu presuposto de contrata de 112.689,76 euros, que representan un incremento con respecto ao primitivo de 37.563,25 euros, código 01.7480.0002.1.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo Canarga, S.L. Con CIF B15360902, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo presuposto de adxudicación de 112.599,00 euros, que representan un incremento con respecto ao primitivo de 37.533,00 euros, con cargo á aplicación 0401/511B/601.03

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.501,32 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 3.002,64 euros.”

11.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA NATUREZA E PORCENTAXE DE ACHEGA PROVINCIAL AO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.- A Deputación Provincial da Coruña compromete a achega do 24% do custo das obras de construción do novo recinto feiral da Coruña, calculado respecto do presuposto de adxudicación das obras (22.260.936,99 euros), como achega ao capital fundacional de IFECO, en condición de achega sucesiva. Este compromiso é o compromiso máximo que asume a Deputación respecto da construción do novo recinto feiral.

2º.- O libramento da achega citada realizarase mediante o aboamento da achega do 24% referido a cada unha das sucesivas certificacións de obra, debidamente tramitadas e aprobadas polo órgano competente da fundación.

3º.- Estabéllese como prazo final para a xustificación da execución e terminación das obras do novo recinto feiral na deputación a data do 30 de novembro de 2005, prazo que poderá ser ampliado por solicitude motivada da fundación.”

12.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA PRIMEIRA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar as actuacións que se han desenvolver dentro do Plan de dinamización turística da Costa da Morte instrumentado a través do convenio administrativo que se ha subscribir entre a Secretaría Xeral de Turismo do Ministerio de Economía, a Secretaría Xeral de Turismo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Deputación Provincial da Coruña, a Asociación de Empresarios de Hostalería da Coruña e a Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte adecuándoas á relación aprobada pola Comisión de Seguimento do plan na sesión do 27.01.2004.

2.- A relación das actuacións que se han desenvolver e o cadro de financiamento por anualidades desta é a seguinte:

ACTUACIÓNS	2.003	2.004
Xerencia	395,84	31.137,16
Manuel corporativo marca	12.000	
Páxina web	50.000	25.000
Perfil turista e mercado (seguimento)	12.000	
Inventario náutico	0	
Centro Torres do Allo	110.387,16	85.362,84
Área Faro Fisterra	100.000	87.500
Proxecto	18.000	
Estudo fins do mundo	19.500	

Praias quilométricas	0	
Ruta dos muíños	150.000	100.000
Museo da Indumentaria	137.100	78.000
Proxecto	11.900	
Museo dos Naufraxios	11.900	
Formación (Plan de calidade)	24.000	23.000
Folletos	2.000	
Presentación	6.000	
Sinalética	15.000	
Estudo rutas sendeirismo e cicloturismo Costa da Morte	19.123	
Total de actuacións	699.306	430.000

3.- O presuposto total da anualidade 2003 do Plan de dinamización Turística da Costa da Morte (**cód.2003P0008**) ascende a 699.306 euros e as achegas quedan establecidas nos seguintes termos:

Achega Deputación provincial	300.000 euros
Achega Ministerio de Economía	399.306 "
Total	699.306 euros

4.- O presuposto da parte da anualidade 2004 agora aprobada ascende a 430.000,00 €

A achega provincial poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á Partida presupostaria **0305/751A/629.99**”

13.-REXEITAMENTO DA IMPUGNACIÓN DO ACORDO PLENARIO POLO QUE SE APROBA O CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2004.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Desestimar a impugnación do Acordo de aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo ano 2004.

2) Ratificar o Cadro de persoal e relación de postos de traballo 2004, aprobados por Acordo plenario do 13 de febreiro de 2004.

3) Dar traslado do acordo definitivamente aprobado á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e á Dirección Xeral de Administración Local do Ministerio das Administracións Públicas para os efectos oportunos.”

14.-NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NA XUNTA CONSULTIVA DO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Nomear ao deputado Sr. D. Pablo Villamar Díaz como representante da Corporación na Xunta Consultiva do Parque Natural das Fragas do Eume.”

15.-NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE NA XUNTA CONSULTIVA DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Nomear ao deputado Sr. D. Ramón Quintáns Vila como representante da Corporación na Xunta Consultiva do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.”

16.-ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE REXISTRO, INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA E ATENCIÓN Á CIDADANÍA.

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Rodríguez

Con respecto a este regulamento a nosa posición é positiva, como é natural, dado que o que se está a regular é unha maior axilidade dos servizos da deputación, e estase empezando a visualizar o proxecto colectivo desta Corporación, a través da sociedade de información, de facilitar á cidadanía as súas relacións coa administración, facer unhas relacións máis adecuadas, e que poidan realmente visualizar unha nova administración que está máis preocupada por eles, na que o cidadán ten un papel preponderante.

Especialmente significativo neste caso é o tema do rexistro telemático de solicitudes, que é unha das primeiras corporacións, creo que da provincia a primeira; perdón, de Galicia, non da provincia, a primeira corporación local que asume o reto de pór en marcha de

verdade un sistema de rexistro telemático coas mesmas características que o rexistro ordinario que se presenta, e aberto 24 horas do día todos os días do ano.

Polo tanto, estamos entrando nunha nova fase, a nós parécenos que este regulamento e o seu contido expresa unha continuidade nunha liña de traballo que o único que vai beneficiar é ós concellos da provincia e á cidadanía da provincia. Cando todos colaboramos na mesma liña, foi un traballo que a Corporación anterior levou con toda intensidade, con toda dedicación, e alégranos especialmente que a nova Corporación continúe na mesma liña e complete e mellore o que nós fixemos nesta.

Simplemente algunhas observacións de carácter menor con relación a algo que a min parécese simbólico, pero creo que sería bo que se estudiase, se é preciso formularemos alegacións por escrito, agora formúloas verbalmente, que son o que estes rexistros telemáticos abertos as 24 horas do día todos os días do ano, non obstante, cando un cidadán presenta unha solicitude en día non feriado, en día festivo, ou en día inhábil, ou en horas inhábiles de despacho, o regulamento establece que teña os efectos do primeiro día hábil seguinte; non vexo a razón, é dicir, os efectos son do momento da presentación, está acreditada especificamente a presentación. Imaxinemos que nun expediente o prazo de formular solicitudes é un mes, e o mes acaba o día 30 de marzo, e resulta que o 30 de marzo é domingo, se o señor o presenta o 29 de marzo, sábado pola tarde, ou domingo pola mañá, está dentro do prazo, non obstante, administrativamente, tal como di aquí, compútase desde o 1 de abril; entón estamos a crear, tal vez, unha situación de inxustiza relativa, porque a xente non coñece ben o regulamento, sabe que remata tal día, e polo tanto estamos utilizando un instrumento telemático, e de acordo con iso non se poderían presentar pola noite as solicitudes, etc., e obviamente que se unha solicitude se presenta despois das doce da noite ten que imputarse ó día seguinte, porque está no día seguinte, pero até as doce da noite é do día anterior. Temos que eliminar a burocracia nas nosas relacións coa cidadanía, e se un señor formula unha solicitude o día 30 de marzo ás once da noite, esa solicitude está presentada o día 30 de marzo e non o 31. Parece de sentido común, é un tema para estudar, desde un punto de vista xurídico, pero parécese que é necesario.

Outro aspecto que merece unha reflexión é o relativo ás cartas de servizos. As cartas de servizos configúranse no dereito administrativo, neste caso xa non é a Deputación da Coruña pioneira, hai moitas entidades que teñen cartas de servizos, como un compromiso de servizo público por parte da administración con garantías para os cidadáns, pero tamén cunha característica: cando un incumpre as cartas de servizo o cidadán sabe que hai algo que el gaña adicionalmente, por pór un exemplo: hai compañías aéreas que din que garanten a puntualidade, se sae o avión máis tarde dos límites de compromiso, pois ten bonificación a tarifa, iso está establecido no AVE desde a implantación, un sabe que se o AVE tarda máis de cinco minutos na saída un ten dereito a unha compensación. Parece que as cartas de servizo da Deputación da Coruña o único que din é que é un compromiso simbólico, porque

non se ve ningunha sanción nin ningunha garantía para un cidadán que sofre un demérito cando se incumpren as condicións que a propia administración establece como garantía. É dicir, se queremos realmente ter cartas de servizos, que expresen unha garantía de cumprimento, e que expresan que un cidadán ten dereito a esixir da administración uns determinados prazos, unhas determinadas condicións, tamén estaría ben que contemplásemos, polo menos como posibilidade, que obviamente non se pode concretizar aquí, o dereito do cidadán a ter unha compensación cando a administración incumpre o seu propio compromiso. Iso polo menos sería unha auténtica carta de servizos das que merecen credibilidade, poden analizarse cartas de servizos do Concello de Madrid, doutras administracións nas que si se establecen esas garantías, para que a cidadanía non pense que a carta de servizos é unha simple declaración platónica que non ten ningunha consecuencia.

Polo demais, nós prestamos aprobación, como é natural, a este regulamento. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas polo voto favorábel. Como hai unha exposición ó público durante 30 días eu suxírolle que presente unha suxestión para que os servizos xurídicos da casa analicen a súa proposta, e se é viábel e razoábel pois, indubidabelmente, incorporárase; e se non, supoño que se lle dará unha resposta xurídica para xustificar por que vai así e non vai doutra forma.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.-Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora dos Servizos de Rexistro, Información Administrativa e Atención ó Cidadán que a continuación se indica

2º.- Someter o presente acordo a información pública e audiencia ós interesados por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

3º.- Entender definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións dentro do prazo establecido.

ORDENANZA REGULADORA DOS SERVIZOS DE REXISTRO, INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA E ATENCIÓN Ó CIDADÁN

TÍTULO I. REXISTRO

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto.

Capítulo II. Presentación de escritos e comunicacións

Artigo 2.- Lugares de presentación.

Artigo 3.- Medios de presentación.

Artigo 4.- Efectos da presentación.

Artigo 5.- Modelos normalizados de solicitudes.

Artigo 6.- Recibos de presentación.

Capítulo III. Expedición de copias

Artigo 7.- Achea de documentos ó procedemento.

Artigo 8.- Expedición de copias e certificados de documentos administrativos.

Capítulo IV. Réxime do Rexistro

Artigo 9.- Oficinas de Rexistro.

Artigo 10.- Oficinas de Rexistro Auxiliares.

Artigo 11.- Funcións das oficinas de Rexistro.

Artigo 12.- Calendario e horario do Rexistro Xeral.

Capítulo V. Creación do Rexistro Telemático

Artigo 13.- Rexistro Telemático da Deputación Provincial da Coruña.

Artigo 14.- Dirección de acceso ó Rexistro.

Artigo 15.- Requisitos técnicos.

Artigo 16.- Procedementos do Rexistro Telemático.

Artigo 17.- Relación de procedementos administrativos susceptibles de tramitación a través do Rexistro Telemático.

Artigo 18.- Funcións e efectos do Rexistro Telemático.

Artigo 19.- Recepción.

Artigo 20.- Anotación de asentos.

Artigo 21.- Cómputo de prazos.

TÍTULO II. INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA E ATENCIÓN Ó CIDADÁN

Capítulo I. A información administrativa

Artigo 22.- A información administrativa xeral e particular.

Artigo 23.- A oficina de información.

Capítulo II. Queixas e suxestións

Artigo 24.- Suxestións e queixas.

Artigo 25.- Forma de presentación.

Artigo 26.- Tramitación.

Artigo 27.- Cuestionario de avaliación do persoal.

Capítulo III. Carta de servizos

Artigo 28.- Obxecto.

Artigo 29.- Contido.

Artigo 30.- Seguimento da carta de servizos.

Capítulo IV. A páxina web da Deputación

Artigo 31.- Acceso.

Artigo 32.- Contido.

TITULO I. DO REXISTRO

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto

A presente ordenanza desenvolve o establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigos 151 a 162 e 207, no ámbito competencial da Deputación da Coruña.

Existe na Deputación un Rexistro Xeral de documentos no que constan a entrada dos documentos que se reciben e a saída dos que se despachan definitivamente.

O Rexistro Xeral pode desconcentrarse para adaptarse ás características da organización dos servizos da Deputación.

Capítulo II. Presentación de escritos e comunicacións

Artigo 2.- Lugares de presentación

Os cidadáns teñen dereito a presentar as solicitudes, escritos e comunicacións que dirixan ós órganos, autoridades ou particulares que dependan da Corporación Provincial, así como a documentación complementaria que acompañe a aqueles en calquera dos seguintes lugares:

- a) Nas oficinas do Rexistro Xeral da Deputación.
- b) Nas oficinas dos Rexistros Auxiliares do Xeral da Deputación.
- c) Nos que establece o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- d) Nos Rexistros dos concellos da provincia da Coruña, sempre que previamente se subscriba ó correspondente convenio.
- e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Artigo 3.- Medios de presentación

1. A presentación de solicitudes, escritos, comunicacións e documentos nos Rexistros da Deputación Provincial da Coruña poderase efectuar polos seguintes medios:

- a) En soporte papel.
- b) Por medios telemáticos, de acordo co disposto pola presente ordenanza no seu título I, capítulo V.

2. Nas oficinas de Rexistro ás que se refire o artigo 2.a) e b) poñerase a disposición daquelas persoas que pretendan a presentación simultánea dun número superior a 10 solicitudes, escritos ou comunicacións un modelo para que relacionen aquelas, numerándoas e especificando a identidade dos interesados, os órganos destinatarios e un extracto dos contidos.

Artigo 4.- Efectos da presentación

1. A data de entrada dos escritos dirixidos á Deputación Provincial da Coruña nos lugares dispostos no artigo 2 desta ordenanza producirá efectos, no seu caso, no tocante ó cumprimento dos prazos dos cidadáns.

2.- A data de entrada dos escritos ós que se refire o apartado anterior no Rexistro da Deputación producirá como efecto o inicio do cómputo dos prazos que deba cumprir a Administración provincial, e en particular do prazo máximo para notificar a resolución expresa.

Artigo 5.- Modelos normalizados de solicitudes

1. Cando se estime conveniente para facilitar ós cidadáns a achega dos datos e informacións requiridos ou para simplificar a tramitación do correspondente procedemento, poderanse establecer modelos normalizados de solicitude mediante resolución do presidente.

Deberán ser admitidos os datos que os solicitantes acompañen para precisar ou completar os datos do modelo.

2. Os modelos referidos no apartado anterior terán os seus equivalentes nos sistemas normalizados de solicitude que permitan a transmisión por medios telemáticos dos datos e informacións requiridos. Os ditos sistemas aprobaraos por resolución o presidente.

Artigo 6. Recibos de presentación

1. Toda persoa que presente un documento no Rexistro poderá solicitar un recibo gratuíto onde conste día e hora de presentación, número de entrada e referencia do seu contido. En lugar de recibo poderá entregarse copia cuñada do documento, se achega copia do documento o interesado. A oficina de Rexistro deberá verificar a exacta concordancia entre o documento e a copia antes de cuñala.

2. Cando o documento se presente telematicamente o recibo expedirase de acordo coas características do soporte, medio ou aplicación e deberá facer constar igualmente os datos citados no apartado anterior.

3. O recibo fará proba da data na que o documento ingresou no Rexistro.

Capítulo III. Expedición de copias

Artigo 7.- Achega de documentos ó procedemento

Os escritos poderán presentarse acompañados do documento ou documentos nos que funden o seu dereito os interesados.

1. Cando se requira no procedemento a achega de documentos orixinais o interesado terá dereito á expedición dunha copia dilixenciada cun cuño no que figurará:

- a) Data de entrega do documento orixinal.
- b) Unidade destinataria do documento orixinal e referencia ó procedemento para a tramitación do cal se entrega.

A oficina de Rexistro levará un rexistro das copias dilixenciadas que expida, no que figurarán os datos sinalados no parágrafo anterior.

2. Cando o procedemento requira a achega de copias compulsadas o interesado achegará, xuntamente co documento orixinal, unha copia del. A oficina de Rexistro fará o cotexo, comprobando a identidade de contidos do orixinal e a súa copia, devolverá o orixinal ó interesado e unirá ó escrito a copia dilixenciada cun selo de compulsada que expresará a data na que se practica, así como a persoa que expide a copia compulsada.

A copia compulsada terá a mesma validez ca o orixinal no procedemento de que se trate, sen que en caso ningún acredite a autenticidade do documento orixinal.

3. As oficinas de Rexistro non están obrigadas a expedir copias compulsadas de documentos orixinais que non se presenten acompañando escritos presentados no Rexistro.

Artigo 8.- Expedición de copias e certificados de documentos administrativos

1. Todos os cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións de todos os actos, resolucións, acordos, libros e documentos que existan nas dependencias da Deputación.

As certificacións e copias certificadas ou compulsadas dos documentos públicos teñen a mesma validez e eficacia ca estes, producindo idénticos efectos fronte ás administracións públicas e ós interesados.

2. A solicitude pode ser denegada ou limitada mediante resolución motivada en todo canto afecte á seguridade e defensa do Estado, á investigación dos delitos ou á intimidade das persoas nos supostos do art. 9.4 do R.D. 772/1999, do 7 de maio.

Capítulo IV. Réxime do Rexistro

Artigo 9.- Oficinas de Rexistro

Na Deputación existirá un Rexistro Xeral para que consten con claridade as entradas dos documentos que se reciban e a saída dos que se despachen definitivamente.

Artigo 10.- Oficinas de Rexistro Auxiliares

1. A existencia dun único Rexistro Xeral entenderase sen prexuízo da súa organización desconcentrada en Rexistros Auxiliares, que son as oficinas que exercendo idénticas funcións ca o Rexistro Xeral se atopan en dependencias diferentes.

2. A instalación en soporte informático das oficinas de Rexistro garantirá a plena interconexión e integración das de carácter xeral e das de carácter auxiliar, establecendo unha única numeración correlativa dos asentos en función da orde temporal de recepción ou saída.

Artigo 11.- Funcións das oficinas de Rexistro

Constitúen funcións propias dos Rexistros, tanto xeral como auxiliares, as seguintes:

- a) A recepción de solicitudes, escritos e comunicacións dirixidas á Deputación, así como os documentos que os acompañen.
- b) A expedición de recibos da presentación de solicitudes, escritos e comunicacións.
- c) A anotación de cada un dos documentos que se reciban nas oficinas da Deputación.
- d) A anotación de todos os oficios, notificacións, ordes, comunicacións, certificacións, expedientes ou resolucións que emanen das autoridades ou funcionarios da Deputación.
- e) A clasificación dos documentos ingresados e a posterior distribución entre as distintas oficinas.
- f) A expedición de copias dilixenciadas dos documentos orixinais que os interesados deban achegar coa solicitude.
- g) A realización de cotexos e de copias compulsadas de documentos orixinais achegados polos interesados.
- h) Calquera outra que lle atribúan legal ou regulamentariamente.

Artigo 12.- Calendario e horario do Rexistro Xeral

O réxime de días e horarios de apertura das oficinas de Rexistro da Deputación Provincial da Coruña establecerase mediante resolución da Presidencia que non poderá establecer un réxime de atención horario inferior ó disposto na lexislación de procedemento administrativo común.

Capítulo V. Creación do Rexistro Telemático

Artigo 13.- Rexistro Telemático da Deputación Provincial da Coruña

Créase o Rexistro Telemático da Deputación Provincial da Coruña para a recepción ou saída de todas as solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por vía telemática mediante firma electrónica avanzada relacionados cos procedementos e actuacións ós que se refire o artigo 17.

O Rexistro Telemático actúa como un rexistro auxiliar do Rexistro Xeral.

Artigo 14.- Enderezo de acceso ó Rexistro

O acceso ó Rexistro Telemático realizarase dende a páxina web da Deputación Provincial da Coruña, accesible no enderezo especificado no artigo 31 da presente ordenanza.

Artigo 15.- Requisitos técnicos

Para a presentación telemática de escritos, solicitudes e comunicacións no Rexistro Telemático o interesado deberá posuír un certificado dixital baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.

Artigo 16.- Procedementos do Rexistro Telemático

Os procedementos para os que poderá utilizarse o Rexistro Telemático figurarán no enderezo electrónico de acceso ó Rexistro.

Todas as solicitudes, escritos e comunicacións que se habiliten para a tramitación electrónica estarán dispoñibles nun apartado específico, para tramitación electrónica, da páxina web da Deputación, accesible no enderezo especificado no artigo 31 da presente ordenanza.

Artigo 17.- Relación de procedementos administrativos susceptibles de tramitación a través do Rexistro Telemático

O presidente da Corporación será competente para aprobar e modificar a relación de procedementos para os que será posible presentar solicitudes, escritos e comunicacións a través do Rexistro Telemático.

Artigo 18.- Funcións e efectos do Rexistro Telemático

1. O Rexistro Telemático ten as seguintes funcións:

- a) Recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións relativos ós trámites e procedementos ós que se refire o artigo 16.
- b) Anotación dos correspondentes asentos de entrada e saída.

Non se realizarán funcións de expedición de copias dilixenciadas ou compulsadas dos documentos que, no seu caso, se transmitan xunto coa solicitude, escrito ou comunicación.

2. A presentación de escritos no Rexistro Telemático produce os seguintes efectos:

- a) O Rexistro Telemático debe admitir a presentación por medios telemáticos de solicitudes, escritos e comunicacións relativos ós procedementos ós que se refire o artigo 16. En caso ningún terá carácter obrigatorio a presentación por medio do Rexistro Telemático.

A devandita presentación terá idénticos efectos cá efectuada polos demais medios admitidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- b) A recepción de documentación para procedementos diferentes dos que se refire o artigo 17 non producirá ningún efecto. A presentación considerarase como non efectuada, procedéndose ó seu arquivo.
- c) A presentación telemática de documentación non implicará a modificación dos prazos establecidos legalmente.

Artigo 19.- Recepción

1. A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións poderá realizarse no Rexistro Telemático durante as vinte e catro horas de todos os días do ano. O Rexistro Telemático rexerese pola data e hora oficial española correspondente á península, que figurará visible no enderezo electrónico de acceso ó Rexistro.

2. As interrupcións necesarias por razóns técnicas previsibles anunciaranse ós potenciais usuarios do Rexistro Telemático coa antelación que resulte posible. Noutros casos, e sempre que sexa posible, o usuario terá á vista unha mensaxe na que se comunique tal circunstancia.

3. O Rexistro Telemático emitirá polo mesmo medio unha mensaxe de confirmación da recepción da solicitude, escrito ou comunicación no que constarán os datos

proporcionados polo interesado, xunto coa acreditación da data e hora na que se produciu a recepción e unha clave de identificación da transmisión. A mensaxe de confirmación, que estará configurada de xeito que poida ser impresa ou arquivada informaticamente polo interesado e garanta a identidade do Rexistro, terá o valor de recibo de presentación para efectos do sinalado no artigo 6.2 desta ordenanza.

O usuario será advertido de que a non recepción da mensaxe de confirmación ou, no seu caso, a recepción dunha mensaxe de indicación de erro ou deficiencia de transmisión, supón que non se ten producido a recepción e polo tanto deberá realizarse a presentación noutro momento ou mediante outros medios.

Artigo 20.- Anotación de asentos

1. O sistema de información que soporte o Rexistro Telemático garantizará a constancia de cada asento que se practique e do seu contido, establecéndose un rexistro por asento, identificándose cada documento asociado mediante un nome de campo predefinido e asociándose á súa vez cada documento ó número de asento correspondente. Cada tipo de trámite para o que estea habilitado a presentación de solicitudes, instancias e comunicacións terá asignados os seus propios ficheiros de forma individualizada.

2. O Rexistro Telemático garantizará a constancia de cada asento practicado, identificando cada presentación cos seguintes datos:

Un número ou código de rexistro individualizado.

A identidade do presentador. O Rexistro Telemático recollerá o seu nome e apelidos, documento nacional de identidade, enderezo postal e, no seu caso, calquera outro dato que se requira en cada procedemento regulado.

Data e hora de presentación proporcionada polo sistema no que reside o Rexistro Telemático.

No caso de que o presentador actúe en representación dun terceiro, nome completo e NIF se se trata dunha persoa física, e nome da entidade e CIF se se trata dunha persoa xurídica ou outras entidades sen personalidade xurídica.

No seu caso, a identidade do órgano ó que se dirixe o documento electrónico.

Procedemento co que se relaciona.

Natureza e contido da solicitude rexistrada.

Artigo 21.- Cómputo de prazos

A presentación de solicitudes, escritos e comunicacións no Rexistro Telemático, a súa recepción así como as remisións de escritos e comunicacións por aqueles, rexerá para os efectos de cómputo dos prazos fixados en días hábiles polos seguintes criterios:

- a) Serán considerados días inhábiles para o Rexistro Telemático os así declarados para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A entrada de escritos recibidos nun día inhábil para o Rexistro Telemático entenderase recibido na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para estes efectos, no asento de entrada inscribíranse como data e hora de presentación aquelas nas que se produciu efectivamente a recepción, constando como data e

hora de entrada as cero horas e un minuto/segundo do primeiro día hábil seguinte.

- c) O Rexistro Telemático non realizará nin anotará saídas de escritos e comunicacións en días inhábiles.

TÍTULO II. INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA E ATENCIÓN Ó CIDADÁN

Capítulo I. A información administrativa

Artigo 22.- A información administrativa xeral e particular

1. A información administrativa é a canle a través da cal os cidadáns poden acceder ó coñecemento dos seus dereitos e obrigas, e á utilización dos bens e servizos públicos.

A información poderá ser xeral ou particular.

2. A información xeral é a relativa á estrutura organizativa e funcional incluíndo o directorio de unidades administrativas e horarios; a referida á tramitación de procedementos; ós servizos públicos e prestacións, así como cantos datos teñan necesidade de coñecer os cidadáns nas súas relacións coa administración provincial, que non teñan o carácter de información particular.

A información xeral facilitarase obrigatoriamente ós cidadáns, sen esixir lexitimación ningunha.

3. A información particular é a que se refire ó estado de tramitación dos expedientes administrativos.

A información particular só poderá ser facilitada ás persoas coa condición de interesado no procedemento ou ós seus representantes legais. A información sobre documentos que conteñan datos de carácter persoal estará reservada ás persoas ás que se refiran coas limitacións e nos termos establecidos na normativa estatal e autonómica sobre protección de datos de carácter persoal.

Artigo 23.- A oficina de información

A oficina principal de información e atención ó cidadán radicará no Pazo Provincial.

Os cidadáns poderán acceder á información presencialmente, por escrito, por teléfono ou por medios telemáticos.

As informacións emitidas terán mero carácter informativo para quen as solicite e non terán en caso ningún o carácter de interpretación normativa ó que se refire o artigo 37.10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Capítulo II. Queixas e suxestións

Artigo 24.- Suxestións e queixas

Os cidadáns poderán presentar as queixas, reclamacións, iniciativas ou suxestións que estimen convenientes sobre o funcionamento das unidades administrativas.

As suxestións e queixas formuladas non terán en caso ningún a cualificación de recurso administrativo nin a súa presentación suspenderá os prazos establecidos na normativa vixente.

Artigo 25.- Forma de presentación

1. Por escrito, indicando o seu nome, apelidos e domicilio para efectos de notificación, e os feitos que motivan a queixa ou suxestión. As suxestións poderán ser presentadas de forma anónima.

2. Por medios telemáticos.

3. En calquera dos lugares establecidos no artigo 2 desta ordenanza.

4. Nas oficinas de Rexistro facilitarase modelo impreso da folla de suxestión ou queixa. Tamén estará dispoñible na páxina web da Deputación.

Serán admitidas non obstante as queixas e suxestións formuladas sen suxeición a impreso ningún.

Artigo 26.- Tramitación

Recibida a queixa ou suxestión remitirase á Secretaría Xeral, quen á súa vez dará traslado ó servizo afectado. Este remitirá en 10 días informe coa proposta de actuación en relación á queixa ou suxestión ó presidente que, no seu caso, ditará resolución das medidas que se han adoptar. O servizo afectado comunicaralle as medidas adoptadas ó cidadán, dando traslado do informe, da resolución, no seu caso, e da comunicación á Secretaría Xeral.

Artigo 27.- Cuestionario de avaliación do persoal

Na oficina de información existirá a disposición dos cidadáns que realicen xestións nos servizos provinciais un cuestionario de avaliación do servizo e do persoal que os atendeu, que será tomado en consideración como forma de colaboración e participación na prestación do servizo.

Capítulo III. Carta de servizos

Artigo 28.- Obxecto

A carta de servizos é un instrumento de información ós cidadáns sobre os servizos que ten encomendados a Deputación e dos dereitos dos usuarios en relación con estes servizos.

Artigo 29.- Contido

A carta de servizos terá o seguinte contido:

- Datos identificativos e fins da Deputación.
- Servizos que presta.
- Dereitos dos usuarios en relación cos servizos.
- Formas de colaboración e participación dos usuarios na mellora dos servizos.
- Posibilidade da presentación de queixas e suxestións ás que se refire o capítulo II do título II da presente ordenanza.
- Compromisos de calidade.

- Niveis de calidade ofertados.
- Indicadores para a avaliación da calidade.
- Enderezos postais, telemáticos e teléfonos de todas as oficinas onde se prestan cada un dos servizos.

Artigo 30.- Seguimento da carta de servizos

O primeiro trimestre de cada ano, a partir do seguinte ó da aprobación da carta de servizos, realizarase un informe sobre o grao de cumprimento dos compromisos declarados na correspondente carta, analizando as desviacións e explicando as medidas correctoras adoptadas.

Capítulo IV. Páxina web da Deputación

Artigo 31.- Acceso

O acceso á información que a Deputación Provincial da Coruña ofrece a través de Internet terá lugar no enderezo: <http://www.dicoruna.es/>.

Dende a primeira páxina do web da Deputación Provincial da Coruña accederase, entre outros temas, á información administrativa que ofrece a Deputación, á tramitación de queixas e suxestións, á tramitación telemática de procedementos e ó Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 32.- Contido

O Servizo de Organización, Calidade e Modernización actuará como centro coordinador de información, garantindo a homoxeneidade e integridade do seu contido, co obxecto de evitar duplicidades e contradicións.

Así mesmo realizará o mantemento e actualización, revisará os formatos e a calidade técnica dos contidos publicados.”

17.- INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO PADROADO DA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.-Aceptar a integración da Deputación Provincial da Coruña, como patrón institucional na “Fundación Eugenio Granell”, atendendo ao interese xeral que concorre nos obxectivos e finalidades dela.

2.-Aprobar os estatutos polos que se rexe a Fundación, segundo resulta da certificación do secretario xeral do Concello de Santiago de Compostela, en relación ao acordo do Pleno dese concello do 29 de novembro de 1996.

3.-Designar ao presidente da Deputación para que a represente nos órganos de goberno da “Fundación Eugenio Granell”.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Había unha pregunta que presentara o Grupo Popular que xa se respondeu. Quere facer un rogo?. Adiante, Sr. Crespo.

Sr. López Crespo

O rogo que imos facer desde o Grupo Popular non ten unha base documental, nin sequera de ningún feito administrativo; ten base na rumoroloxía, polo tanto tómese na rumoroloxía, só queremos que se quede en rumor e que non sexa nada: segundo a rumoroloxía existe algunha posibilidade de que algunha entidade tente mercar o Teatro Colón, entón nós, desde o Grupo Popular, animamos ó grupo de goberno, Grupo Socialista e Grupo do BNG, se as tentacións son moi fortes, que as conteñan e que non se venda ese inmovible, por unha razón: porque nós entendemos que a cultura debe ser apoiada por todas as entidades e por todos os segmentos sociais, mesmo polo máis forte dos capitais, que nos dean diñeiro para promover a cultura, pero cremos que este patrimonio que temos os concellos da Coruña, até é un orgullo para todos os concellos, ter un cachiño aquí da Coruña, até se fose necesario estaríamos dispostos a pagar un canon para o manter. Se o rumor fose realidade, reiteramos o ánimo para lle dar até unidade de fogar a esta casa, temos todos os servizos, temos o presidente da deputación, temos os servizos centrais, por que non imos ter ese marabilloso escenario, onde os nosos nenos, os nosos grupos de baile, os nosos tamborileiros, poidan vir un día a tocar á Coruña?; iso é unha marabilla.

Animámoslos, digo, para que siga pertencendo á deputación porque ás veces adquirir patrimonio é difícil, mantelo tamén; fagamos todos os convenios, sexamos o máis mercaderes que hai negociando, que nos dean e nós pómoslle letreiros, nomes, fagamos convenios unidos, pero animámoslles a que ese rumor non se converta en realidade.

Sr. presidente

Algún rogo ou pregunta máis?. Ben, entón, antes de levantar a sesión quérólles informar de que esta mañá asinei a resolución nomeando como novo tesoureiro da deputación a don Enrique Calvete. Disto darase conta nunha Comisión Informativa, pero dada a relevancia do posto, creo conveniente que as señoras e señores deputados teñan cumprida información canto antes. Tomará posesión unha vez que esta nomeamento sexa publicado no Boletín Oficial do Estado. Nada máis e moitas grazas.

Sen máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as dezaeito horas e corenta e oito minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu secretario, dou fe.